Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A corriza

Contaba o meu avó que debaixo dunha pena nunha campa enriba de Vilarello de Donís, concello de Cervantes (Lugo), había un encanto.

Parece que uns rapaces puxéronse a escaravellar por debaixo da pena e foron indo ata que sentiron unha voz que procedía do interior e que dicía:

¡Fáltame sal,

que carne teño bastante!

¡Claro, ó sentiren aquelo, trotaron! Viran saír coma unha corriza, coma unha luria envolta que botou polo regueiro abaixo. Dixo o meu avó que eles saíron correndo e non souberan máis nada.

[Texto remitido por José María Carricoba Armesto, Lugo]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

Esta lenda foi recollida a principios da década de mil novecentos noventa en Vilarello de Donís, Cervantes (Lugo).